

FEIRA DO ROMÁNICO EN NEGREIRA

Espectáculos e música para regresar á Idade Media

As actividades infantís, os espectáculos de lume, o torneo medieval ou os fogos artificiais centrarán gran parte da atención

ANXO BENTRÓN [NEGREIRA]

Negreira preparase para volver ao pasado coa celebración da XVII Feira do Románico, unha das festas máis especiais e emblemáticas da vila. Unha celebración que lle dará á localidade un toque medieval dende hoxe ata o vindeiro domingo 1 de setembro, cun sinfín de actividades.

Como cada ano, os espectáculos e actuacións medievais, a música e as actividades infantís serán os grandes protagonistas desta Feira do Románico que busca transportar aos asistentes á época medieval.

As tres xornadas festivas estarán fortemente marcadas polo alto toque musical. SKALDIR e Turdión Medieval percorreren durante os tres días as rúas da localidade, facendo que a música non deixe de soar. Ademais, hoxe, dende as 23.00 horas, na praza do Cotón, terá lugar o concerto medieval de The Duellist.

A música terá un papel moi importante durante as tres xornadas, pero non será, nin moito menos, o único atractivo. Durante estes días sucederanse un sinfín de actividades coas que gozar ao máximo.

Durante os tres días haberá unha exposición de cetrería e un mercado de artesanía para facerse con algún recordo medieval. Ademais, ao longo da fin de semana sucederanse tamén os espectáculos itinerantes que percorreren as rúas da vila, entre os que están 'Os viaxeiros da vila' (20.00 horas) e 'Os Feiticeiros e as súas pócimas' (21.30 horas), hoxe; 'Chega o clan dos McGuapos' (19.30 horas) e 'Seres oscuros. Demonium' (22.30 horas), mañá; e 'Os perfumeros chegaron' (12.00 horas), 'Chegaron os zancudos' (18.00 horas) e 'Unhas criaturas traviesas' (19.30 horas), o domingo.

Tamén terán un oco no programa da Feira as actuacións circenses. Mañán, ás 21.00 horas, terá lugar o show de circo con trapezio 'Dende o ceo' e o domingo, ás 13.30 horas, o 'Circo de chan' fará un espectáculo de malabares e equilibrios. Ambos espectáculos circenses terán lugar na Praza do Cotón.

En cada feira ou festa histórica que busca volver ao pasado hai un elemento que non pode faltar: o lume. E a Feira do Románico non podía ser menos. Fire Dragons animará durante as tres xornadas festivas cos seus grandes espectáculos de lume. Hoxe será ás 22.00 horas, mañá ás 23.00 ho-



ras e o domingo ás 22.00 horas para poñer o punto e final á edición deste ano da Feira. Todos estes espectáculos terán lugar na Praza do Cotón.

Ademais do lume, tampouco faltarán os fogos de artificio. Mañá, dende as 24.00 horas terá lugar un espectáculo pirotécnico que servirá para pechar a segunda xornada festiva.

O domingo, último día de festa na localidade, celebrarase outro dos epicentros da Feira, o Gran Torneo Medieval. Será na explanada do IES Xulián Magariños ás 12.30 horas e ñas 20.30 horas. En canto ao sábado, ás 20.00 horas terá lugar o combate entre cabaleiros con Hípica Celta, que se celebrará no Campo da Feira da localidade.

Tampouco faltarán na Feira do Románico de Negreira deste ano as actividades para os máis pequenos da casa. Durante os tres días de festa, un recuncho infantil animará a xornada para os cativos. Xogos, camas elásticas, carrusel, noía ou un tren turístico serán algúns dos atractivos cos que os pequenos poderán pasalo ben.

30-31 DE AGOSTO e 1 DE SETEMBRO

XVII FEIRA DO ROMÁNICO

Negreira • 2024

ORGANIZA: CONCELLO DE NEGREIRA

COLABORAN: XUNTA DE GALICIA, Deputación DA CORUÑA, AGADIC, Hipica Celta, CHIMPÔS, pazo do mar, 107.5 FM, we are b

FEIRA DO ROMÁNICO EN NEGREIRA

Negreira volve ao pasado coa súa Feira do Románico

ANXO BENTRÓN [NEGREIRA]

Chega ao Concello de Negreira una das súas festas máis esperadas e especiais. Trátase dunha nova edición, a número 17, da Feira do Románico, que se celebrará na localidade dende hoxe ata o vindeiro domingo 1 de setembro, unhas xornadas nas que a vila se prepara para regresar ao pasado.

As actividades programadas comezan hoxe, venres, coa apertura do mercado ás 18.00 horas. Dende as 19.00 horas, a música de SKALDIR e Turdión Medieval, e os espectáculos itinerantes de ‘Os viaxeiros da vila’ e os ‘Feiticeiros e as súas pócimas’ percorreren as rúas da localidade. Ás 22.00 horas chegará á Praza do Cotón un gran espectáculo de lume con Fire Dragons. O mercado pecharase ás 24.00 horas, pero antes, dende as 23.00 horas a Praza do Cotón volverá ser protagonista co concerto medieval de The Duellist.

Mañá, sábado, a partir das 11.00 horas, o mercado abrirá de novo as



A música terá un gran protagonismo durante as xornadas. // ECG

súas portas, coa animación de músicos da época. Ás 12.00 horas terá lugar a inauguración oficial por parte das autoridades locais e de membros da corporación muni-

pal, acompañados dun pasarrúas con todas as compañías. A continuación, dende as 12.30 horas, a compañía Falcóns Galicia ofrecerá un espectáculo de cetrería na

Praza do Cotón. Ademais, durante toda a xornada SKALDIR e Turdión Medieval volverán percorrer as rúas negreiras coa súa música medieval, poñendo o toque musical du-

rante todo o día. O mercado pechará ás 14.00 horas para a ‘Hora do bo xantar’ e abrirá de novo as súas portas a partir das 18.00 horas. Sobre as 19.30 horas, o clan dos McGuapos encherá as rúas co seu espectáculo itinerante. Ao longo da tarde, os asistentes poderán gozar dun combate entre cabaleiros no Campo da Feira (20.00 horas), un show de circo con trapezio (21.00 horas) e o espectáculo de lume de Fire Dragons (23.00 horas). Un espectáculo pirotécnico no Pazo do Cotón, ás 24.00 horas, pondrá o punto e final á segunda xornada.

O domingo a acción comezará de novo ás 11.00 horas coa apertura da feira. Durante a última xornada SKALDIR e Turdión Medieval volverán poñer o toque musical nun día cargado con numerosos espectáculos e actividades. Ás 11.30 horas, Falcóns Galicia volverá ofrecer o seu espectáculo de cetrería e ás 13.00 horas, na explanada do IES Xulián Magariños celebrase o Gran Torneo Medieval. Un show de malabares e equilibrios do Circo de chan, o espectáculo itinerante dos zancudos e outro espectáculo de cetrería serán algunhas das actividades que completarán a xornada. A música da Escola de Batucada de Latexo e o espectáculo de lume de Fire Dragons pecharán esta nova edición da Feira do Románico de Negreira.



SALVADOR

CASA DO BACALLAU DENDE 1920

Restaurante de cociña tradicional especializado en bacallau, riles con xerez e carnes galegas

Barcala, 23 • A Baña • T. 981 88 53 12

adrianamarino

clínica dental

Nº Col. 1260

Carrera de San Mauro, 10 baixo - 15830 NEGREIRA (A Coruña)

Tel/Fax 881 81 77 32 628 285 857

www.adrianamarino.com - clinica@adrianamarino.com



+ MOTOR

NEGREIRA

TLF. 981 81 84 67

Rúa Corzán, 8 - Negreira (A Coruña)



lorenzo

CRISTALERÍA

ACRISTALAMIENTO DE OBRAS • PUERTAS AUTOMÁTICAS • MAMPARAS DE BAÑO • ESPEJOS • MOLDURAS

Avda. de Vilachán, 4 • NEGREIRA | T. 981 88 54 25 • 696 48 32 48 • cristalerialorenzo@yahoo.es



GranVia

Negreira s.l.

Muebles y Electrodomésticos

Camino Viejo Nº 17 | 15830 Negreira
T. 981 885 661
www.mueblesgranvia.com

Abierto
SABADOS y
DOMINGOS
por la
mañana

